

O sector cultural en Galicia: entre a penuria das políticas e a adolescencia dos mercados

Marcos Lorenzo

A cultura, entendida esta como o sector de actividade ligado á creación artística, ten acadado en anos recentes a dimensión socioeconómica necesaria para ser considerada como un factor central no desenvolvemento dos territorios. Cando os sociólogos falan da sociedade do ocio e do coñecemento ou os economistas das industrias culturais e creativas (ICC)¹ están a recoñecer de forma implícita a relevancia crecente dun conxunto de actividades até hai pouco tomadas como un ornamento complementario dos verdadeiros motores do progreso colectivo (industria pesada, produción agrícola...).

A cultura é por tanto un convidado novato no selecto club dos temas de Estado (estatísticos), o que entre outras cousas implica que o sistema de produción e recolla de datos sectoriais estea aínda moi inmaturo. En efecto, hai demasiadas lagoas de información, non hai consensos claros arredor dos indicadores chave, os axustes metodolóxicos son constantes, os criterios varían segundo as fontes... Todo isto dificulta o labor de establecer comparativas e evolucións, de compendiar de xeito harmónico os coñecementos acumulados no ámbito cultural. En definitiva, sistematizar a información estatística da cultura en Galicia non é tarefa doada e ten un algo de pioneiro. Salvando a meritoria iniciativa do Consello da Cultura Galega coa elaboración do Anuario de Estatísticas Culturais, apenas existen estudos en profundidade do sector cultural galego, o que reforza o noso argumento.

Con estes vimbios, o artigo que agora comezamos ten necesariamente unha vocación máis descritiva que avaliativa. Intentarei establecer unha foto fixa da situación dos sectores culturais en Galicia, foto fixa pero xa advirto que borrosa, con abundantes irregularidades no pixelado e moito fundido en negro. Para trazar esta panorámica global servireime daqueles datos ao meu ver máis fiables, significativos e cun maior potencial divulgativo. Renunciarei por tanto a afondar en cada epígrafe en base a cruzar variábeis e derivar novos indicadores sintéticos. A extensión do artigo esixe capacidade de síntese e por tanto un trazo groso e un zoom elevado, sen demasiadas sofisticacións analíticas. Ao fin trátase dunha simple aproximación e o tema para abordar xa é mesto de abondo.

Para a provisión de datos empregamos basicamente dous contedores: o Anuario de Estatísticas Culturais 2009 do Ministerio de Cultura e o Anuario de Estatísticas Culturais 2007 do Consello da Cultura Galega. A falta de información actualizada e desagregada para Galicia obríganos en ocasións a recorrer a comparativas con España sustentadas en datos de anualidades dispares, o que obviamente pode posuír un valor orientador pero limita o rigor do contraste.

Á hora de avaliar o peso dun indicador galego respecto do total español (por exemplo, o número de bibliotecas ou a recadación anual nos teatros) empregarei un criterio transversal e laxo. A poboación galega representa aproximadamente un 6% da española, e o noso PIB supón un 5% do estatal. Pois ben, aplicando algún factor corrector con influencia nas dotacións e consumos culturais, tal e como a dispersión habitacional ou a taxa de envellecemento, conclúo que un 4,5% - 5,5% no peso galego é aceptable, mentres que unha

1 | Lembramos que a Comisión Europea está a elaborar un Libro Verde das Industrias Culturais e Creativas no horizonte da Estratexia Europea 2020 de relanzamento da economía europea para os próximos dez anos. Entre as ICC inclúen os sectores da música, o cine, os media, a moda, as artes plásticas, o deseño, a publicidade, a arquitectura, o turismo cultural, as artes escénicas e o patrimonio.

porcentaxe inferior é síntoma dunha deficiencia e unha superior denota un exceso ou mellora. Son consciente da arbitrariedade do intervalo, pero a falta de monografías que acheguen criterios para interpretar os datos, confórmonome con desvelar esta miña regra de tres elemental.

Comezaremos pois esta visión xeral do sector cultural galego co repaso ás dimensións transversais del. Cando falamos de dimensións transversais estámonos a referir a aquelas que comparten as diferentes manifestacións artísticas: o emprego xerado, as empresas culturais, o financiamento e gasto público, o consumo das persoas, os hábitos e prácticas culturais, as ensinanzas e o turismo cultural.

Emprego

A evolución comparada do emprego cultural en Galicia e España queda reflectida na táboa 1.

Táboa 1
Evolución do emprego cultural

	2005	2006	2007	2008	En % total do emprego
Galicia	25.100	26.300	23.300	26.000	2,2
España	514.200	544.000	556.600	568.800	2,8

Elaboración propia. Fonte: INE, Encuesta de Población Activa. Segundo trimestre de cada año.

Como podemos observar, no período analizado o emprego cultural medrou tanto en Galicia como en España, aínda que a un ritmo inferior no caso galego e de forma descontínua, cun notable retroceso en 2007. O resultado é un peso relativo apreciable en Galicia respecto do total do emprego, pero menor que no conxunto de España. Os datos dos que dispoñemos para a Unión Europea procedentes do EUROSTAT², falan de 4.940.000 traballadores en 2005 e un 2,4% do total do emprego. Un ano despois (2006), a consultora MKW elaborou un informe para a Dirección Xeral de Emprego da UE no que cifraba en 7.200.000 os traballadores da cultura en Europa, dato ostensiblemente superior ao anterior, e onde prevía arredor de 11 millóns de empregos culturais para 2011. En datas recentes (abril de 2010) a directora xeral da Comisión Europea de Educación e Cultura, a francesa Odile Quintin, achegaba unhas cifras de 5 millóns de empregos e un 2,6% do PIB da UE³, cun índice de crecemento superior aos restantes sectores da economía. Sexa como for, non semella en cuestión a potencialidade do sector cultural como nicho de emprego ascendente en toda a nosa contorna.

En canto ao perfil dos e das traballadoras da cultura en Galicia e as condicións laborais nas que operan, atopamos semellanzas e algunha notoria diferenza a respecto do contexto español. Entre as semellanzas: maior presenza de homes que de mulleres, con altos niveis formativos e maioritariamente asalariados.

Táboa 2
Perfil dos traballadores e traballadoras da cultura

	% Mulleres	% Estudos Superiores	% Asalariados /as	% Contratos Temporais	% < 25 anos
Galicia	41,8	51,6	81,9	46,1	17,5
España	39,5	52,8	79,5	25,9	12,5

Elaboración propia. Fontes⁴: IGE (2006); INE (2008), Encuesta de Población Activa. Segundo semestre de cada año; EUROSTAT, EU, Labour Force Survey (2005).

² UE, Labour Force Survey, 2005.

³ Información aparecida no diario Público (Lisboa), o 27 de abril de 2010. Eses mesmos datos figuran no avance do Libro Verde das Industrias Culturais e Creativas, citando por vez o estudo de economía da cultura realizado por KEA para a Comisión Europea (2006), o documento de traballo da Comisión denominado "Challenges for EU support to innovation services" e o relatorio da CNUCED de 2008 sobre "Creative Economy – the Challenge of Assessing the Creative Economy –towards informed policy-making".

⁴ Os datos para Galicia son todos de 2006 salvo o do intervalo de idades (menores de 25 anos), que é de 2005. Os de España son de 2008. A efectos de gardar as cautelas oportunas á hora de establecer as comparativas.

A diferenza máis significativa entre Galicia e España estriba no grao de temporalidade do emprego galego, que excede en 20 puntos a media española. Ese dato non é conxuntural senón unha tendencia en ascenso desde polo menos 2001. Por entón a taxa de contratos temporais en Galicia era do 37,6% (8,5 puntos menos que en 2006). Ademais podemos destacar unha maior presenza do emprego xuvenil e feminino, o que encaixa cun escenario de alta temporalidade. A modo de hipótese: o retraemento das empresas á hora de adoptar compromisos laborais indefinidos podería ser sintomático dun mercado cultural galego de reducido tamaño, inestable ou estacional e moi dependente de factores esóxenos (conxunturas políticas).

Empresas culturais

En volumes totais, o número de empresas culturais non parou de medrar nos últimos cinco anos tanto en Galicia como en España, aínda que no caso galego con maior intensidade.

Táboa 3
Evolución do número de empresas culturais

	2004	2005	2006	2007	2008
Galicia	2.674	2.755	2.925	3.099	3.257
España	59.401	60.569	63.004	67.115	70.109

Elaboración propia. Fonte: INE⁵, Directorio Central de Empresas

En efecto, desde 2004 e até 2008, o número de empresas en Galicia incrementouse nun 21,8%, por un 18,0% para España. As empresas galegas supuñan en 2008 un 4,6% das españolas, porcentaxe moi similar á nosa participación no emprego cultural. As 70.000 empresas culturais de España representan un 2,0% do total de empresas españolas.

En Galicia predominan as empresas culturais sen asalariados, a 12 puntos de distancia do que ocorre no conxunto de España.

Táboa 4:
Empresas culturais segundo número de asalariados

	Galicia	%	España	%
Sen asalariados	2.364	66,3	36.423	54,3
De 1 a 5 asalariados	851	23,9	21.688	32,3
De 6 a 9	139	3,9	3.417	5,1
De 10 a 49	187	5,2	4.700	7,0
De 50 a 99	16	0,4	368	0,5
100 ou máis	8	0,2	519	0,8
Total	3.565	100%	67.115	100%

Elaboración propia. Fontes: IGE (2007), Directorio de Empresas e Unidades Locais; INE (2007), Directorio Central de Empresas

Das oito empresas galegas con polo menos 100 asalariados, seis dedícanse á edición e dúas a actividades de radio e televisión. Vexamos polo miúdo a distribución de empresas por actividades económicas:

⁵ O IGE, a través do Directorio de Empresas e Unidades Locais, informa da existencia de 3.565 empresas culturais en Galicia para 2007. Discrepancias entre os datos do IGE e do INE.

Táboa 5

Empresas culturais por sectores de actividade

Sectores de actividade	GALICIA	%	ESPAÑA	%	% volume negocio España
Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais	161	4,5	3.306	4,9	2,7
Edición	442	12,4	8.200	12,2	22,8
Artes gráficas e actividades de servizos relacionados coas mesmas	815	22,8	15.940	23,8	21,6
Reproducción de soportes gravados	1	0,03	1.527	2,3	0,7
Fabricación de aparellos de recepción, gravación e reprodución de son e imaxe	7	0,2	162	0,2	9,1
Fabricación de instrumentos musicais	29	0,8	230	0,3	0,1
Actividades cinematográficas e de vídeo	298	8,3	6.935	10,3	11,4
Actividades de radio e televisión	82	2,3	2.176	3,2	17,7
Actividades de axencias de noticias	3	0,08	202	0,3	0,5
Outras actividades artísticas e de espectáculos	1.727	48,4	28.437	42,4	10,4
TOTAL	67.115	100%	3.565	100%	97,0%

Elaboración propia. Fontes: IGE (2007), Directorio de Empresas e Unidades Locais; INE (2007), Directorio Central de Empresas; INE (2007), Encuesta Industrial de Empresas; INE (2007), Encuesta Anual de Servicios ⁶

As actividades con maior número de empresas en Galicia eran en 2007 “outras actividades artísticas e de espectáculos”, seguido das “artes gráficas e actividades de servizos relacionados con elas”, “edición” e “actividades cinematográficas e de vídeo”. En España esta xerarquía é semellante, aínda que apreciamos diferenzas con Galicia en “reproducción de soportes gravados” (cifra notablemente superior en España), “fabricación de instrumentos musicais” (superior en Galicia) e “actividades de axencias de noticias” (maior presenza en España).

Segundo cálculos propios a partir de información do INE⁷, o volume de negocio das empresas culturais en España para 2007 sería de 41.109.770.000 euros^{8 9}. Se establecemos un contraste por actividade entre o número de empresas e o seu volume de negocio, veremos que en España as actividades que mobilizan máis recursos por empresa son: “fabricación de aparellos de recepción, gravación e reprodución de imaxe e son” (45 veces o seu peso numérico), “actividades de radio e televisión” (entre 5 e 6 veces) e en menor medida a “edición” (duplica o seu número). As que menos recursos mobilizan por entidade serían “outras actividades artísticas e de espectáculos” (unha cuarta parte respecto da media), “reproducción de soportes gravados” e “fabricación de instrumentos musicais” (un terzo en ambas) e as “actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais” (a metade).

⁶ A porcentaxe sobre o volume de negocio en España, é un cálculo propio a partir dos datos de INE (2007), Encuesta Industrial de Empresas e Encuesta Anual de Servicios. O 3% que falta para completar o total do 100% corresponde a actividades de fotografía.

⁷ INE (2007), Encuesta Industrial de Empresas, Encuesta Anual de Servicios.

⁸ Esta cifra inclúe o volume de negocio das “actividades de fotografía”, que por causas que descoñecemos non consta na listaxe de actividades das táboas xerais do INE e do IGE.

⁹ Non dispoñemos de datos equivalentes para as empresas galegas. Só constan cifras de 2003 (Central de Balances) para 648 empresas, sen extrapoliación posible.

Financiamento e gasto público

O gasto liquidado en cultura polas diferentes administracións públicas do Estado distribuíuse en 2007 do seguinte xeito:

Táboa 6

Gasto liquidado en cultura polas administracións públicas

	Gasto liquidado (euros)	Euros/habitante	% gasto público por Admón.	% do gasto liquidado en cultura respecto do total
Administración xeral do Estado	990.823.000	22,3	15,05	0,50
Administracións autonómicas	1.976.378.000	44,4	30,03	1,22
Administracións locais	3.613.668.000	81,3	54,91	5,06
TOTAL	6.580.869.000	148,0	100 %	

Elaboración propia. Fontes: MC (2007), Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura; MEH (2007), Liquidación de los Presupuestos de las Comunidades Autónomas y de las Entidades Locales.

Polo tanto, o maior esforzo tanto en termos absolutos como relativos correspóndelles ás administracións locais, seguido das autonómicas. No caso da Xunta de Galicia, os datos para a mesma anualidade (2007) son os que seguen:

Táboa 7

Gasto liquidado en cultura pola Xunta de Galicia

	Gasto liquidado (euros)	Euros/habitante	% do gasto liquidado en cultura respecto do total
Xunta de Galicia	138.930.000	51,0	1,26

Elaboración propia. Fontes: MC (2007), Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura; MEH (2007), Liquidación de los Presupuestos de las Comunidades Autónomas y de las Entidades Locales.

Co que supera levemente a media das comunidades autónomas en gasto por habitante e practicamente as iguala en canto á porcentaxe sobre o gasto liquidado total. Debemos matizar este dato tendo en conta que o gasto en cultura da Xunta de Galicia comprende tamén partidas de política lingüística (en 2007 por valor de 21,3 millóns de euros¹⁰). Por outra parte, o gasto liquidado en cultura das entidades locais galegas non é proporcional ás do conxunto do Estado. Se a relación en España en 2007 era de 1,8 euros gastado polas administracións locais por cada euro das autonomías, en Galicia o indicador é moi inferior. Así, en 2006 as entidades locais galegas gastaron 167 millóns de euros¹¹ fronte a 143 millóns da Xunta, co que o ratio é inferior a 1,2. O que nos anuncia que o gasto local en cultura é sensiblemente inferior en Galicia á media do Estado español.

Seguindo unha clasificación compartida polas diferentes administracións, o gasto liquidado en cultura pódese destinar a catro grandes partidas:

- Bens e servizos culturais: abrangue monumentos históricos, arqueoloxía, museos, arquivos e bibliotecas.
- Artes plásticas, escénicas e musicais: inclúe exposicións, música, teatro, danza, fotografía e outros.
- Libro e audiovisual: libro, vídeo, cine e música gravada.

¹⁰] MC (2007), *Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura*. Se as partidas de política lingüística se asignasen a outros departamentos (Educación, Presidencia...), o montante total do gasto liquidado en cultura pola Xunta de Galicia sería moi inferior do indicado.

¹¹] MC (2006), *Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura*; MEH (2006), *Liquidación de los Presupuestos de las Comunidades Autónomas y de las Entidades Locales*.

- Interdisciplinar: promoción, difusión e cooperación cultural, difusión cultural no exterior, administración e servizos xerais, e política lingüística.

Pois ben, seguindo esa taxonomía o gasto público en cultura destinouse en 2007 aos seguintes conceptos:

Táboa 8

Gasto liquidado en cultura polas administracións públicas segundo destino

	Total Admón. Estatal	%	Total CCAA	%	Total Xunta de Galicia	%
Bens e servizos culturais	569.711.000 €	57,5	783.105.000 €	39,6	57.181.000 €	41,2
Artes plásticas, escénicas e musicais	147.272.000 €	14,8	484.591.000 €	24,5	5.900.000 €	4,2
Libro e audiovisual	92.731.000 €	9,3	119.311.000 €	6,0	6.737.000 €	4,8
Interdisciplinar	181.109.000 €	18,3	589.370.000 €	29,8	69.113.000 €	49,7
TOTAL	990.823.000 €	100%	1.976.377.000 €	100%	138.931.000 €	100%

Elaboración propia. Fontes: MC (2007), Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura; MEH (2007), Estadística de Liquidación de los Presupuestos de las Comunidades Autónomas.

Como podemos observar, a distribución do gasto difire notablemente segundo a administración. Se o Estado se concentra en maior medida en “bens e servizos culturais”, o conxunto das comunidades autónomas outórganlles un maior peso ás “artes plásticas, escénicas e musicais” e aos gastos “interdisciplinares”. Pola súa parte, a Xunta de Galicia semella pivotar sobre dous destinos: “interdisciplinar”, a 20 puntos da media das comunidades autónomas e a 30 do Estado, e os “bens e servizos culturais”. Destaca sobre maneira a escaseza do gasto destinado ás “artes plásticas, escénicas e musicais” (entre 10 e 20 puntos menos que as outras administracións). Non obstante, analizando unha secuencia temporal do gasto na Xunta de Galicia comprobaremos como as partidas sofren bruscas modificacións interanuais, o que nos informa da relativa arbitrariedade na asignación do gasto a unha ou outra partida, e por tanto da prudencia coa que deberamos guiarnos antes de tirar conclusións precipitadas.

Táboa 9

Evolución do gasto liquidado en cultura pola Xunta de Galicia segundo destino (en euros)

	2004	2005	2006	2007
Bens e servizos culturais	20.543.000 €	21.095.000 €	16.741.000 €	57.181.000 €
Artes plásticas, escénicas e musicais	8.182.000	14.628.000	15.355.000	5.900.000
Libro e audiovisual	11.081.000	11.163.000	5.136.000	6.737.000
Interdisciplinar e non distribuído	93.572.000	81.597.000	106.300.000	69.113.000
TOTAL	133.378.000	128.484.000	143.531.000	138.930.000
% de gasto liquidado total	1,57	1,35	1,40	1,26

Elaboración propia. Fontes: MC (2007), Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura; MEH (2007), Estadística de Liquidación de los Presupuestos de las Comunidades Autónomas.

Na táboa anterior podemos apreciar intensos movementos entre partidas, como o acusado descenso do “libro e audiovisual” entre 2005 e 2006, ou das “artes plásticas, escénicas e musicais” entre 2006 e 2007, así como a medranza explosiva dos “bens e servizos culturais” nese mesmo bienio (multiplicándose por 3,5). Mención aparte merece o protagonismo de “interdisciplinar” en 2006, acaparando máis do 74% do gasto. Ao non coñecer a intrahistoria de tales movementos nas contas da Xunta de Galicia non estamos facultados para

avaliálos. En todo caso, e máis alá da enxeñería contable, cabe lembrar que en 2005 produciuse un cambio de goberno que debeu ter tradución nun cambio de prioridades.

Outra das conclusións que evidencian os datos da táboa é a caída relativa no gasto en cultura da Xunta de Galicia no cuatrienio analizado, nunha tendencia oposta á das restantes administracións públicas. En efecto, o Estado pasou de desembolsar en cultura un 0,47% do seu gasto liquidado total en 2004 a un 0,50% en 2007, o conxunto das comunidades autónomas dun 1,07% a un 1,22% e as administracións locais españolas dun 4,56% a un 5,06%¹². A Xunta de Galicia baixou do 1,57% inicial a un 1,26% en 2007. Ademais, convén recordar que a achega do sector cultural ao PIB de Galicia era en 2003 de aproximadamente un 2%¹³, porcentaxe sensiblemente superior ao destinado a cultura pola Xunta de Galicia nesa anualidade (1,27%).

Se analizamos agora o gasto atendendo á súa natureza económica poderemos identificar outro feito diferencial no comportamento da Xunta de Galicia a respecto das restantes administracións públicas. Pero antes fixaremos o marco terminolóxico. A grandes riscos, o gasto liquidado polas administracións públicas divídese segundo a súa natureza económica en tres bloques:

- Gastos correntes: contemplan os “gastos de persoal”, os “gastos en bens correntes e servizos” (compras, pequenas reparacións...) os “gastos financeiros” e as “transferencias correntes” (créditos sen contrapartidas para financiar operacións correntes –por exemplo, subvencións a actividades–).
- Gastos de capital: inclúen “investimentos reais” (grandes reparacións, novas infraestruturas...) e “transferencias de capital” (pagamentos sen contraprestación destinados a financiar investimento).
- Activos e pasivos financeiros: créditos destinados á adquisición de activos financeiros e constitución de depósitos e fianzas, ou amortizacións de débedas e devolución de depósitos e fianzas constituídos por terceiros.¹⁴

Pois ben, os gastos de capital da Xunta eran en 2007 os máis elevados de España xunto cos de Castela e León, a entre 30 e 50 puntos de distancia da administración estatal, da media das administracións autonómicas e do conxunto das administracións locais. Entre as comunidades autónomas, as que presentan uns menores gastos de capital son Euskadi e Cataluña, cun 16% en ambos os casos, fronte ao 70,2% de Galicia.

Táboa 10
Gasto liquidado en cultura polas administracións segundo natureza económica
(en miles de euros)

	Estado	%	CCAA	%	Admo. Local	%	Admo. Local Galicia	%	Xunta	%
Gastos Correntes	665.146	66,1	1.138.165	57,6	2.698.130	74,7	125.847	79,9	41.376	29,8
Gastos de Capital	334.282	33,7	792.089	40,1	906.770	25,1	31.592	20,0	97.554	70,2
Activos e Pasivos Financeiros	1.395	0,1	46.123	2,3	8.768	0,2	24	0,1	0	0,0
TOTAL	1.000.823	100%	1.976.377	100%	3.613.668	100%	157.463	100%	138.930	100%

Elaboración propia. Fontes: MC (2007), *Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura*; MEH (2007), *Estadística de Liquidación de los Presupuestos de las Comunidades Autónomas*; MEH (2007), *Estadística de Liquidación de los Presupuestos de las Entidades Locales*.

¹² MC (2007), *Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura*; MEH (2007), *Estadística de Liquidación de los Presupuestos de las Comunidades Autónomas*.

¹³ Consello da Cultura Galega (2010): “O sistema productivo da cultura en Galicia. Unha visión económica”, interpretando datos extraídos da obra de Isabel García Gracia (et al., 2008): *La dimensión económica de la industria del ocio en España*. Madrid. MacGraw Hill.

¹⁴ Extraído de *Anuario de Estadísticas Culturais 2007* (Consello da Cultura Galega).

Non se trata dun fenómeno conxuntural. Analizando as series temporais vemos como desde 2003 os gastos de capital da Xunta de Galicia nunca baixaron do 70% dos totais en cultura. O que en forma de hipótese podería significar que o esforzo autonómico se concentrou máis na dotación de novos equipamentos culturais que na programación de actividades ou na contratación de persoal técnico cualificado.

Consumo cultural

Entre 2003 e 2007 o consumo cultural non parou de medrar en Galicia e España, aínda que os galegos presentan un gasto per capita inferior á media española.

Táboa 11
Evolución do consumo cultural

	2003	2004	2005	2006	2007
Gasto total España	11.205.300.000	12.629.500.000	14.099.200.000	15.425.500.000	16.612.500.000
Gasto total Galicia	396.000.000	429.900.000	453.700.000	732.100.000	802.800.000
Media por persoa España	268,4	298,1	327,1	351,9	372,2
Media persoa en Galicia	147,2	159,6	168,0	270,6	295,8

Elaboración propia. Fontes: MCU (elaboración propia); INE, Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

Ese diferencial entre o consumo cultural galego e estatal mantívose constante até 2005, cando o gasto medio por galego roldaba a metade do gasto medio español. Non obstante a partir de 2006 a distancia mingua de xeito considerable, o que está provocado por unha modificación na metodoloxía do cómputo¹⁵.

En España o gasto en cultura foi incrementando paulatinamente o seu peso na cesta da compra. Así, o gasto cultural (sobre o total de gasto das persoas) pasou de representar un 3,0% en 2001 a un 3,2% en 2007. Nese ano o gasto cultural supuña o 2,8%¹⁶ do gasto total dos galegos.

O consumo cultural non se distribúe de forma homoxénea entre a poboación. A principal variable no condicionamento do gasto é o nivel formativo. En España e para 2007, o gasto anual en cultura das persoas con educación de primeiro grao ou inferior era de media de 216,5 euros, mentres que a dos universitarios de segundo e terceiro ciclo era de 645,9 euros. Lamentablemente non dispoñemos dese dato para Galicia. Segundo convencións estatísticas, os consumos culturais agrúpanse en catro categorías:

- Libro e publicacións periódicas: non inclúe os libros de texto.
- Servizos culturais: abrangue “espectáculos” (cine, teatro e outros), “museos, bibliotecas, parques e similares”, “cotas e alugueiros de radio e televisión” e “outros servizos culturais”.
- Equipos e accesorios audiovisuais de tratamento da información e internet: “equipos de imaxe e son”, “equipos fotográficos e cinematográficos” e “tratamento da información e internet”.
- Outros bens e servizos: “soporte para o rexistro de imaxe, son e datos”, “instrumentos musicais” e “reparacións”.

En 2007 o consumo cultural medio de galegos e españois presentaba a seguinte desagregación por subgrupos de gasto:

¹⁵ Tal e como se indica nas notas metodolóxicas da Encuesta de Presupuestos Familiares.

¹⁶ INE (2007), Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006.

Táboa 12
Consumo cultural per capita (en euros)

	Gasto medio por persoa España	Gasto medio por persoa Galicia
Libro e publicacións periódicas	72,1	79,0
Servizos culturais	111,4	79,8
Equipamentos e accesorios audiovisuais de tratamento...	151,4	114,1
Outros bens e servizos	37,2	22,9

Elaboración propia. Fonte: INE (2007), Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

Do que se deducen certas diferenzas na orientación dos consumos culturais entre Galicia e España. Os galegos gastan máis en libros e publicacións periódicas e moito menos en servizos culturais ou en equipos e accesorios audiovisuais.

Hábitos e prácticas culturais

Neste apartado volveremos atopar disimilitudes nos datos ofrecidos para Galicia segundo as fontes consultadas (Ministerio de Cultura 2006/07 e Instituto Galego de Estatística 2006). Para visualizalas con claridade optamos por recoller na táboa (columnas segunda e terceira) as cifras emitidas desde ambos os organismos. A táboa infórmanos da porcentaxe de poboación que no último ano exerceu polo menos nunha ocasión algún dos seguintes hábitos culturais:

Táboa 13
Hábitos culturais

	MC 2006/07 Galicia	IGE 2006 Galicia	2006/07 España	2006/07 UE - 27
Visita a monumentos históricos	42,3%	---	47,1%	54,0%
Visita a museos, galerías e exposicións	65,2%	39,1% ¹⁷	69,6%	41,0%
Asistencia a bibliotecas	13,4%	34,2%	17,6%	35,0%
Asistencia ao teatro	11,9%	22,4%	19,1%	32,0%
Ópera, ballet ou danza	3,5%	---	7,8%	18,0%
Concertos de música clásica	7,6%	13,2% ¹⁸	8,4%	---
Concertos de música popular	26,2%	38,1%	---	---
Concertos de orquestras en verbenas	---	65,0%	---	---
Asistencia a funcións de monicreques, contacontos, circo...	---	25,8%	---	---
Asistencia ao cine	39,7%	47,5%	52,1%	51,0%

continúa

...

¹⁷ | Non inclúe galerías.

¹⁸ | Inclúe ópera.

Táboa 13 (continuación)

Hábitos culturais

	MC 2006/07 Galicia	IGE 2006 Galicia	2006/07 España	2006/07 UE - 27
Lectura de libros	48,5%	41,5% ¹⁹	57,7%	71,0%
Lectura de xornais	---	66,8%	---	---
Escoitar a radio	---	66,3%	---	---
Ver vídeos ou DVD	---	57,5%	---	---

Elaboración propia. Fontes: IGE (2006), *Enquisa de Condicións de Vida das Familias*; MC (2006/07), *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España*; EUROSTAT, Eurobarómetro 67.1.2007.

Nun primeiro contraste das fontes para Galicia, cómpre destacar que o IGE atribúe aos galegos uns hábitos culturais máis intensos dos que reflicten os datos do Ministerio de Cultura. Se obviasemos aquelas variables confeccionadas de modo distinto entre o IGE e o MCU (ver notas a rodapé), o IGE informa dunha asistencia a bibliotecas que duplica a media española e iguala á europea, e unha asistencia ao teatro ou a concertos de música popular que superan en 10-12 puntos aos datos do Ministerio para Galicia.

En todo caso, onde si coinciden ambas as fontes é na relevancia da asistencia ao cine, na lectura de libros ou na visita a museos e exposicións, aínda que sempre por baixo das medias españolas.

Para afondar na distribución deses hábitos entre a poboación galega, o IGE achéganos información cruzada por xéneros, idades, niveis formativos, ingresos ou provincias. A voo de paxaro podemos advertir como o rango de idades e a educación son factores determinantes na adquisición de hábitos culturais. Os menores de 50 anos presentan uns hábitos culturais máis frecuentes, cunha distancia porcentual respecto dos seus maiores que oscila entre os 5 puntos na asistencia á ópera e 45 puntos na asistencia ao cine. Nos restantes indicadores a diferenza rolda os 25-35 puntos entre ambos os intervalos etarios, o que de por si define un corte significativo.

Tamén as persoas con estudos superiores posúen uns hábitos culturais máis intensos, con distancias de entre 5 puntos porcentuais na asistencia a concertos de orquestras en verbenas e 45 puntos nas visitas a museos e exposicións. En terceiro lugar, observamos que nas provincias atlánticas os hábitos culturais son maiores que nas provincias do interior. E por último, no tocante ao xénero atopamos diferenzas substanciais nos índices de lectura de libros non profesionais (homes: 36%; mulleres: 46,5%) e na lectura diaria de xornais (homes: 39%; mulleres: 28,6%), máis acentuado no caso da prensa deportiva.

En canto á evolución dos hábitos culturais, o Ministerio de Cultura²⁰ fala dun descenso pronunciado para Galicia entre 2002 e 2007, non sempre coincidente coas tendencias españolas. Así, a asistencia a bibliotecas tería decrecido en 8 puntos nese período (do 21,4% ao 13,4%), a lectura de libros en máis de 7 puntos (do 50,7% ao 43,1%, medrando en España do 45,5% ao 52,5%), a asistencia ao cine en 10 puntos (do 49,6% ao 39,7%) e a asistencia ao teatro en 6,5 puntos (do 18,4% ao 11,9%), o que debuxa un escenario preocupante.

Un fenómeno singular que cómpre destacar nos hábitos culturais dos galegos, pola súa relevancia porcentual e pola súa nula acollida nas enquisas estatais²¹, é a asistencia a concertos de orquestras en verbenas. Pois ben, trátase do indicador cunha presenza máis homoxénea entre a poboación, independentemente do xénero, idade, estudos, ingresos e provincia analizada. É máis, a asistencia increméntase levemente entre a xente máis nova, con estudos superiores e ingresos elevados, desmentindo así certos tópicos.

No que respecta ás prácticas culturais da cidadanía galega, dispoñemos de datos sobre as persoas que realizaron actividades artísticas no último ano en Galicia e España:

¹⁹] Non inclúe lectura de libros profesionais.

²⁰] [20] MC, *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España*.

²¹] Fronte á asistencia a zarzuelas, significativa no conxunto español pero irrelevante a escala galega.

Táboa 14
Prácticas culturais

	% de persoas en Galicia	% de persoas en España
Escribir	4,9	7,5
Pintar ou debuxar	8,5	9,2
Outras artes plásticas	5,4	4,5
Facer fotografía	12,7	16,6
Facer vídeo	4,1	5,7
Deseñar páxinas web	1,7	2,2
Facer teatro	1,0	2,1
Danza, ballet, baile	1,4	3,8
Tocar un instrumento	6,0	5,9
Cantar nun coro	2,1	2,8
Outras	9,9	8,1

Elaboración propia. Fonte: MC (2006/07), *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturais en España*.

No bienio 2006/07 a práctica cultural máis extensa tanto en Galicia como en España foi a fotografía, seguida da pintura e do debuxo. Na comparativa entre territorios destaca a escasa práctica da escritura en Galicia, así como do teatro, danza, ballet e baile. Onde Galicia sobresa respecto de España é na dedicación a “outras artes plásticas” e de forma moi tenue na afección a tocar instrumentos musicais. En xeral a cidadanía galega realiza menos actividades artísticas do que a media española.

Para concluír este apartado faremos mención ao uso popular das novas tecnoloxías, na medida en que funcionan como novos soportes de expresión cultural. Con tal obxecto trazaremos unha evolución comparada entre a porcentaxe de persoas entre 16 e 74 anos que empregaron o ordenador ou accederon a internet no último trimestre. Que empregaron o ordenador:

Táboa 15
Evolución no uso do ordenador

	2004	2005	2006	2007	2008
Galicia	40,1%	45,1%	48,7%	46,6%	52,1%
España	49,0%	52,1%	54,0%	57,2%	61,0%

Elaboración propia. Fonte: INE, *Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares*

E que accederon a internet:

Táboa 16
Evolución no acceso a internet

	2004	2005	2006	2007	2008
Galicia	32,5%	38,1%	41,9%	43,0%	47,6%
España	40,4%	44,4%	47,9%	52,0%	56,7%

Elaboración propia. Fonte: INE, *Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares*

Como podemos observar en ambos os casos, o uso de novas tecnoloxías está a medrar de xeito sostido entre a poboación²², aínda que a un ritmo máis intenso no caso do acceso a internet e cun diferencial permanente de arredor de 9 puntos entre Galicia e España.

Ensinanzas do ámbito cultural

O ensino cultural é un excelente sismógrafo para medir o dinamismo cultural dun país. A formación artística é o caldo de cultivo necesario para o xurdimento de novos valores e para a creación de públicos esixentes e informados. A continuación daremos conta da situación deste sector en Galicia, segmentando a educación cultural nas tres modalidades que marcan as directrices técnicas do Ministerio de Cultura: ensinanzas artísticas de réxime especial (regradas ou non regradas), ensinanzas de réxime xeral e formación profesional ocupacional.

Táboa 17
Principais parámetros nas ensinanzas do ámbito cultural

	Centros Galicia	Centros España	% Gal / Esp	Profesores Galicia	Profesorado España	% Gal / Esp	Alumnado Galicia	Alumnado España	% Gal / Esp
Artes plásticas e deseño	8	121	6,6	191	4.049	4,7	1.367	23.269	5,8
Música	51	400	12,7	1.028	11.875	8,6	8.985	88.314	10,2
Danza	5	66	7,5	33	992	3,3	264	7.509	3,5
Arte dramática	1	13	7,7	28	514	5,4	91	1.779	5,1
TOTAL Ensinanzas Artísticas Réxime Especial	65	600	10,8	1.280	17.430	7,3	10.707	120.871	8,8
Bacharelato	43	443	9,7	---	---	--	1.221	21.979	5,5
FP (ciclos formativos)	---	---	--	---	---	--	1.276	18.291	6,9
Universitaria	---	---	--	---	---	--	2.977 ²³	95.891 ²⁴	3,1
TOTAL F.P. Ocupacional	---	---	--	---	---	--	---	804	--

Elaboración propia. Fontes: ME (2007/08). Oficina de Estadística. *Estadística de la Enseñanza no Universitaria*; INE (2005/06), *Estadística de la Enseñanza Universitaria*; MTIN (2007/08), *Estadística de la Formación Ocupacional*.

Antes de analizar os contidos desta táboa cómpre realizar unha serie de aclaracións. Existen datos de 2008/09, mais só para as ensinanzas artísticas de réxime especial e non desagregados por comunidades autónomas, co cal preferimos ser conservadores e ficar co bienio 2007/08, máis operativo a efectos analíticos. Por outra parte a táboa só contempla datos do ensino regrado, a pesar de que o ensino non regrado achega preto do 45% do continxente total do alumnado español (205.282 en ensino non regrado sobre 463.242²⁵ totais en 2007/08). A carencia de datos específicos sobre o ensino non regrado en Galicia obrigounos a renunciar a esa referencia.

²²] Coa estraña excepción do descenso no uso do ordenador en Galicia no ano 2007.

²³] En 2005/06. INE, *Estadística de la Enseñanza Universitaria*.

²⁴] En 2005/06. Elaboración do CCG (*Anuario de Estadísticas Culturais* 2007), a partir de datos do MEC e MTAS

²⁵] Cálculo propio a partir dos datos de: ME (2007/08). Oficina de Estadística. *Estadística de la Enseñanza no Universitaria*; INE (2007/08), *Estadística de la Enseñanza Universitaria*; MTIN (2007/08), *Estadística de la Formación Ocupacional*.

Ademais, cabería indicar que se inclúe en cada unha das tres modalidades formativas:

- Ensinanzas artísticas de réxime especial: ensinanzas de artes plásticas e deseño, ensinanzas da música (regradas ou non), ensinanzas da danza (regradas ou non) e ensinanzas de arte dramática.
- Ensinanzas de réxime xeral: bacharelato na modalidade de artes, formación profesional do ámbito cultural (artes gráficas; comunicación, imaxe e son; servizos socioculturais á comunidade), diplomatura de biblioteconomía e documentación, licenciaturas de belas artes, documentación, historia e ciencias da música, historia da arte, ciencias da información, comunicación audiovisual, xornalismo, publicidade e relacións públicas, antropoloxía social e cultural, teoría literaria e literatura comparada, dobres titulacións e doutoramento.
- Formación profesional ocupacional: programas de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, cursos de FPO de artesanía, industrias gráficas, información e manifestacións artísticas.

Pois ben, despois deste longo preámbulo xa estamos en condicións para extraer algunhas conclusións da táboa anterior. En primeiro lugar destaca a importancia relativa das ensinanzas artísticas de réxime especial en Galicia a respecto de España, pero moi focalizada no ensino musical. Nas ensinanzas da música duplicamos a porcentaxe de alumnos que nos debera corresponder seguindo a regra lineal do 5% para Galicia. No apartado 5 deste artigo (“Hábitos e prácticas culturais”) xa anticipabamos un especial gusto en Galicia pola práctica de tocar instrumentos musicais. Sumando ambos os elementos poderíamos inferir que a música ten unha maior presenza social en Galicia do que en España.

Por outra parte, sen apartármonos das ensinanzas de réxime especial, comprobamos como en Galicia temos unha maior porcentaxe de centros que de alumnos, e de alumnos que de profesores, do que se deduce que os nosos centros formativos acollen menos alumnos que a media española e que presentan carencias relativas de profesorado (máis alumnos por profesor ca en España).

Onde presentamos menores porcentaxes de alumnado son nas ensinanzas da danza e, xa no réxime xeral, no ensino universitario.

En España a inmensa maioría dos alumnos do ensino regrado cursan a súa formación en centros públicos (ensinanzas artísticas de réxime especial: 89,3%²⁶; ensinanzas de réxime xeral: 90,4%²⁷). E predominan as alumnas mulleres: 58,5% no réxime especial e 64,8% no réxime xeral²⁸.

En canto á evolución recente da matrícula en España, apreciamos un estancamento ou baixada en todas as modalidades de ensino cultural entre 2004/05 e 2007/08, coa excepción do ensino non regrado en música e danza. Así, pasouse de 413.427 alumnos en 2004/05 a 463.242 en 2007/08, un ascenso de 50.000 estudantes dos que 41.000 aproximadamente corresponden a ensino non regrado de música e 6.000 aprox. a ensino non regrado de danza. Os datos desagregados para Galicia son controvertidos ao contemplar un incremento do 108% de alumnado no bienio 2007/08 sobre o curso anterior²⁹. En todo caso, nas anualidades previas ratifícase esa tendencia estanca: 14.119 alumnos en 2000/01 e 14.107 en 2005/06³⁰.

Turismo cultural

Para rematar esta primeira sección do artigo, centrada nas dimensións transversais do sector cultural galego, daremos unhas breves pinceladas sobre a incidencia en Galicia do turismo de base cultural. Para comezar analizaremos o impacto económico das visitas a Galicia por motivos culturais, e a continuación abordaremos a evolución da práctica do turismo cultural entre os galegos e galegas.

As viaxes por motivos culturais e as viaxes nas que se realizan actividades culturais non son unidades comparables. Non se trata dunha disquisición semántica. A segunda é necesariamente máis ampla e comprensiva que a primeira. Unha cousa é que a motivación central na viaxe sexan os atractivos culturais, e outra

26] En Galicia un 77,4% segundo cálculo propio a partir dos datos recollidos no Anuario Estatístico de Galicia 2007 do CCG (quen por vez cita como fonte ao MEPSYD, Estadística de Enseñanzas Especiales). O que descoñecemos é se neses datos se inclúe o ensino non regrado, o que obviamente alteraría o resultado..

27] ME (2007/08). Oficina de Estadística. Estadística de la Enseñanza no Universitaria; INE (2007/08), Estadística de la Enseñanza Universitaria.

28] Ibidem.

29] CCG, Anuario Estatístico de Galicia 2007 (elaboración propia partindo de datos do MEC e MTAS).

30] Ibidem.

ben distinta que de paso que viaxamos a algures realicemos algunha actividade con contido cultural. Aínda así, servirémonos de ambas para ilustrar os movementos de turistas culturais a Galicia.

Con datos de 2008, a entrada de turistas estranxeiros en Galicia que realizan actividades culturais foi moi inferior ao que nos debera corresponder por poboación, e cun gasto por persoa aínda máis reducido (880 € en Galicia fronte a 980 € en España). É dicir, recibimos poucos turistas estranxeiros (que realicen actividades culturais) e os poucos que nos visitan gastan menos aquí que noutros destinos de España.

Pola contra, os residentes españois que nos visitan por motivos culturais superan o noso peso po- boacional (6,7% vs. 6%), e realizan aquí un gasto similar á media dos outros destinos en España. Noutra orde, o gasto dos turistas culturais residentes en España é sensiblemente menor que o dos turistas es- tranxeiros (que realizan actividades culturais). Non se trata de ningunha anomalía. As persoas residentes en España que viaxan por motivos culturais realizan 2/3 dos seus desprazamentos ao interior do Estado e 1/3 ao estranxeiro, pero o gasto repártese de forma inversamente proporcional (2/3 do gasto no estranxeiro e 1/3 en España³¹).

Recapitulando, a marca Galicia como destino turístico fundamentado en atractivos culturais precisa ser reforzada no estranxeiro, polo noso diferencial negativo coa media española e pola magnitude de gasto dos viaxeiros foráneos.

Táboa 18
Entradas de turistas con motivación cultural

	Viaxes de residentes en España por motivos culturais	Entradas turistas estranxeiros que fan actividades culturais
Visitas con destino a Galicia	550.1000	686.200
Visitas con destino a España	8.143.500	31.534.900
% Galicia / España	6,7	2,2
Gasto en Galicia (miles de €)	167.900	603.800
Gasto en España (miles de €)	2.512.000	30.905.300
% Galicia / España	6,7	2,0
Gasto medio / persoa en Galicia (en €)	305	880
Gasto medio / persoa en España	308	980

Elaboración propia. Fontes: Instituto de Estudios Turísticos (2008), Movimientos Turísticos de los Españoles (FAMILITUR); Movimientos Turísticos en Fronteras (FRONTUR); Encuesta de Gasto Turístico (EGATUR)

E no que respecta ao arraigamento social entre os galegos do turismo por motivos culturais, podémolo testar na seguinte táboa:

Táboa 19
Evolución do turismo cultural na poboación galega

	2005	2006	2007	2008
Viaxes dos galegos por motivos culturais	460.000	588.700	599.500	680.200
Gasto dos galegos en viaxes por motivos culturais (en miles de €)	176.100	186.700	244.900	326.600
Gasto medio por persoa e viaxe (en €)	381	317	409	480

Elaboración propia. Fontes: Instituto de Estudios Turísticos, Movimientos Turísticos de los Españoles (FAMILITUR).

O que reflicte a táboa é un incremento constante do turismo cultural entre os nosos concidadáns, medran- do o número de viaxes nun 48% no cuadrienio analizado e incrementándose o gasto para o mesmo período nun 86%, o que redunda nun maior gasto por viaxe. De feito durante o ano 2008 o 19,9% das viaxes por ocio,

31 | Instituto de Estudios Turísticos (2008), *Movimientos Turísticos de los Españoles* (FAMILITUR).

recreo ou vacacións dos residentes en Galicia tiveron como motivación principal a cultura, fronte a un 13,8% dos residentes en España³².

Con ese dato finalizamos o percorrido polas dimensións transversais da cultura en Galicia. A continuación iniciamos a segunda parte do artigo, dedicada á análise dos principais sectores culturais da nosa comunidade, a saber: museos, coleccións museográficas e patrimonio; bibliotecas e arquivos; libro; artes escénicas e musicais; audiovisual.

Museos, coleccións museográficas e patrimonio

Comezamos pois coa comparativa entre os museos e coleccións museográficas de Galicia e España:

Táboa 20
Museos e coleccións museográficas (número e visitas)

	Galicia	España	% Gal / Esp
Museos e coleccións museográficas censados	76	1.560	4,9
Visitantes a museos e coleccións museográficas	2.000.520	52.537.433	3,8

Elaboración propia. Fonte: MC (2006, 2008), *Estadística de Museos y Colecciones Museográficas*.

Os datos do número de museos e coleccións censados son de 2008, e os de visitas de 2006. Segundo se desprende da táboa, en Galicia habería unha porcentaxe aceptable de museos e coleccións museográficas, e un déficit relativo de visitas.

En canto á titularidade dos museos e coleccións, distribúese porcentualmente entre os seguintes axentes:

Táboa 21
Museos e coleccións museográficas por titularidade

	% en Galicia	% en España
Administración Xeral do Estado	10,4	11,7
Administracións autonómicas	7,4	9,9
Administración local	29,8	43,7
Outros pública	1,5	1,3
Eclesiástica	23,9	13,0
Outros privada	25,3	18,4
Outros (mixta)	1,7	2,0
TOTAL	100%	100%

Elaboración propia. Fonte: MC (2006), *Estadística de Museos y Colecciones Museográficas*.

Con datos de 2006, menos da metade dos museos e coleccións serían de titularidade pública en Galicia (49,1%), fronte ao 66,6% en España. Ou dito á inversa, en Galicia habería unha notable presenza de museos e coleccións museográficas propiedade da Igrexa e doutros axentes privados.

E no que respecta á tipoloxía temática dos museos e coleccións (2008)³³:

³² | Ibidem.

³³ | En Galicia contestaron a enquisa 69 museos e coleccións museográficas.

Táboa 22

Museos e coleccións museográficas por tipoloxía

	Galicia	España	% Gal / Esp
Arqueolóxico	3	180	1,6
Arte contemporánea	5	122	4,1
Artes decorativas	1	29	3,4
Belas artes	13	183	7,1
Casa Museo	5	95	5,2
Ciencia e tecnoloxía	4	59	6,7
Ciencias naturais e historia natural	1	55	1,8
De sitio	1	59	1,7
Especializado	7	148	4,7
Etnografía e antropoloxía	14	241	5,8
Xeral	11	151	7,3
Historia	4	106	3,8
Outros	0	27	0,0

Elaboración propia. Fonte: MC (2008), Estadística de Museos y Colecciones Museográficas.

Destaca a escaseza en Galicia de museos e coleccións arqueolóxicas, de sitio e de ciencias naturais e historia natural. Pola contra, temos unha importante implantación de museos e coleccións xerais e de belas artes. Quizás inflúa nesta orientación temática a abundancia da titularidade eclesiástica e particular, cun enfoque máis filantrópico.

Nas visitas aos museos e coleccións museográficas de Galicia predomina a gratuidade. Con datos de 2006, un 73,5% das visitas foron de balde, mentres que un 17,3% aboaron a tarifa completa e un 9,2% tarifas reducidas. Vendo a serie temporal desde o ano 2000 comprobamos como esa tendencia se está a reforzar: por entón aboaban a tarifa completa un 22,9% dos visitantes (5,6 puntos máis que en 2006)³⁴.

E xa centrándonos nas cuestións patrimoniais, temos en Galicia 667 bens inmobles inscritos como Bens de Interese Cultural. Vexamos a súa distribución:

Táboa 23

Bens inmobles inscritos como BIC

	Galicia	España	% Gal / Esp
Monumentos	594	13.684	4,3
Xardíns históricos	6	92	6,5
Conxuntos históricos	47	872	5,4
Sitios históricos	15	241	6,2
Zonas arqueolóxicas	5	960	0,5
TOTAL	667	15.849	4,2

Elaboración propia. Fonte: MC (2008), Subdirección General de Protección del Patrimonio Histórico.

Chama a atención a escasa inscrición como BIC dos nosos parques arqueolóxicos, en consonancia coas baixas cifras de museos e coleccións museográficas dedicadas a esa temática. Cumpriría unha intervención decidida das administracións públicas co obxecto de paliar esa carencia.

34] MC (2006), Estadística de Museos y Colecciones Museográficas.

Pero aínda máis aguda é a deficiencia de bens mobles inscritos como BIC en Galicia: tan só 6 para un total español de 6.679 (un 0,1%). Do que se pode deducir que en Galicia existen importantes lagoas no inventariado e posta en valor do noso patrimonio histórico.

Bibliotecas e arquivos

Na seguinte táboa sintética podemos atopar os principais indicadores do sistema bibliotecario de Galicia e España:

Táboa 24
Principais indicadores do sistema bibliotecario

	Galicia	España	% Gal / Esp
Bibliotecas	591	6.523	9,0
Puntos de servizo	755	8.066	9,3
Usuarios inscritos	820.117	14.793.690	5,5
Visitantes	13.224.259	194.697.381	6,8
Préstamos a usuarios	2.963.480	68.235.503	4,3
Volume de fondos: libros, folletos, publicacións periódicas e manuscritos	8.690.343	157.050.980	5,5
Unidades: documentos sonoros, audiovisuais, electrónicos, cartográficos, microformas...	1.733.056	61.710.936	2,8

Elaboración propia. Fonte: INE (2006), Estadística de Bibliotecas

Polo tanto en Galicia dispoñemos dun número moi notable de bibliotecas e puntos de servizo, e dunha cifra de visitantes superior ao noso peso poboacional. Non obstante utilizamos en menor medida os préstamos de libros, as nosas bibliotecas están menos dotadas de fondos e presentan unha escasa adaptación ás novas tecnoloxías e á diversificación de soportes (“unidades”).

Pero estas características non se presentan de xeito uniforme no territorio. Se tomamos agora os datos achegados polas Bibliotecas Públicas de Galicia³⁵ (Estadísticas 2006) e desagregados por provincias poderemos observar unha distribución moi desigual:

Táboa 25
Indicadores do sistema bibliotecario galego por provincias

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Puntos de servizo	161	49	54	84
Usuarios inscritos	235.149	45.585	42.839	154.903
Préstamos a usuarios	845.194	166.744	106.260	235.062
Persoal	571	106	88	279

Elaboración propia. Fonte: Estadísticas 2006, Bibliotecas Públicas de Galicia.

A provincia da Coruña, con aproximadamente un 40% da poboación de Galicia, supera amplamente o 60% en préstamos a usuarios e o 50% en persoal. En puntos de servizo e en usuarios inscritos achégase á metade do total galego.

Se afinamos o zoom até o ámbito comarcal, despunta a bisbarra da Coruña con 472.747 préstamos a usuarios, seguida a enorme distancia polas comarcas de Ferrol (56.967 préstamos) e de Lugo (48.669). En termos

35] Os datos achegados polas Bibliotecas Públicas de Galicia difiren notablemente das estimacións realizadas polo INE (Estadística de Bibliotecas 2006). Así, segundo as Bibliotecas Públicas de Galicia temos 348 puntos de servizo na Comunidade Autónoma, fronte aos 755 que reflicte o INE. Outro exemplo: segundo o informe das Bibliotecas Públicas de Galicia os usuarios inscritos ascenden a 478.476, mentres que o INE os sitúa en 820.117.

negativos resultan rechamantes os casos de Vigo e Ourense, con só 18.791 préstamos e 10.835 respectivamente. No tocante ao persoal, a comarca da Coruña volve a destacarse con 420 traballadores, seguida do Salnés con 82 e o Morrazo con 71. Ningunha das comarcas restantes alcanza as 50 persoas contratadas no servizo de bibliotecas. E por último, no relativo aos usuarios inscritos a bisbarra coruñesa presenta 94.387 altas, seguida de Ferrol con 52.080, e a continuación o Salnés (35.698) e o Morrazo (22.228). As outras comarcas baixan todas dos 10.000 usuarios inscritos, salvo Santiago (13.170) e Vigo (12.825)³⁶.

En canto á titularidade, as bibliotecas de Galicia pertencen maioritariamente ás administracións públicas (75%)³⁷, e máis ao concreto ás entidades locais (56%). Con respecto a España, presentan unha maior proporción de bibliotecas privadas (18,6% en Galicia vs. 12,9% en España). Lembremos que no caso dos museos e coleccións museográficas tamén había un maior peso na titularidade privada que no conxunto de España. As restantes bibliotecas ate completar o 100% entrarían nas categorías “universitarias” e “outros”.

Para rematar este apartado, simplemente mencionar que en Galicia hai un total de 4.501 arquivos³⁸, dos cales máis de 2/3 son privados (3.094), na súa maioría parroquiais (2.756). A continuación teríamos os arquivos municipais (278), de titularidade estatal (255), de centro docente (249) e de cámara agraria (107). No reparto territorial de arquivos predominan as provincias de Lugo e Pontevedra.

Libro

A seguinte táboa recolle unha selección dos principais parámetros na edición de libros en Galicia e España (datos de 2008):

Táboa 26
Principais indicadores do sistema editorial

	Galicia	España
Libros inscritos no ISBN	3.690	104.223
% en soporte papel (sobre total de inscritos)	93,6%	91,6%
% noutros soportes diferentes do papel (sobre total de inscritos)	6,4%	8,4%
% primeiras edicións (sobre total de inscritos)	86,2%	79,1%
% edición pública (sobre total de inscritos)	13,7%	9,8%
% traducións (sobre total de inscritos)	17,2%	24,8%
Editores con actividade	159	3.472
Producción media anual por editor (libros)	23	30
Exemplares editados	5.240.000	255.513.000
Tiraxe media por edición	1.398	2.960

Elaboración propia. Fontes: MC (2008), Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN; INE (2008), Estadística de la Producción Editorial de Libros

En Galicia inscribíronse no ISBN un 3,5% do total de libros de España e editáronse un 2,0% dos exemplares, co cal podemos concluír que a produción editorial galega ten unha dimensión relativamente menor no marco da potente industria editorial española. Ademais presentamos algunhas características diferenciais, como unha maior presenza de primeiras edicións, un maior protagonismo do sector público, un menor recurso ás traducións e un maior uso do soporte papel fronte a outras alternativas. Os nosos editores teñen unha produción media menor que os seus homólogos españois e as súas tiraxes son máis pequenas.

Se atendemos agora aos libros inscritos no ISBN en España segundo as principais linguas de publicación e os soportes de inscrición obtemos os seguintes datos:

³⁶ | Estatísticas 2006, *Bibliotecas Públicas de Galicia*.

³⁷ | INE (2006), *Estadística de Bibliotecas*.

³⁸ | MCU (2007), *Censo - Guía de Archivos de España e Iberoamérica*.

Táboa 27

Libros inscritos no ISBN por linguas de edición

	TOTAL	% noutros soportes distintos do papel (sobre o total de inscritos)
Castelán	79.017	8,9%
Catalán	10.750	2,7%
Galego	2.482	4,9%
Euskera	2.156	4,4%
Inglés	1.726	21,4%

Elaboración propia. Fonte: MC (2008), *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*

En galego están inscritos un 2,4% dos libros publicados en 2008 en España (104.223), sendo a terceira lingua de edición en termos absolutos. A pesar da gran distancia que nos separa do inglés e do español no uso de soportes alternativos ao papel, somos a primeira lingua periférica estatal nese aspecto.

O número de libros inscritos no ISBN non parou de medrar en Galicia nos últimos anos, pero a un ritmo parello ao de España, co cal o noso peso editorial no panorama estatal mantívose constante:

Táboa 28

Evolución dos libros inscritos no ISBN

	2004	2005	2006	2007	2008
Libros inscritos no ISBN en Galicia	2.774	3.044	3.229	3.396	3.690
Libros inscritos no ISBN en España	82.207	84.335	87.440	96.770	104.223
% Gal / Esp	3,4	3,6	3,5	3,5	3,5

Elaboración propia. Fonte: MC, *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*

O reparto territorial dos libros inscritos no ISBN en Galicia mostra unha prevalencia absoluta das provincias atlánticas. En 2007 inscribíranse na provincia da Coruña o 53,0% das obras, en Pontevedra un 39,9%, en Ourense un 3,7% e en Lugo un 3,3%.

En 2006 había en Galicia 37 empresas galegas agremiadas na Federación de Gremios de Editores de España³⁹.

Táboa 29

Indicadores das empresas agremiadas na FGEE

	Número empresas	Persoal	Facturación (en miles de €)
Empresas galegas na FGEE	37	224	27.510
Total empresas na FGEE	776	15.667	3.014.540
% Gal / Esp	4,8%	1,43%	0,9%

Elaboración propia. Fonte: FGEE (2006), *Comercio Interior del Libro en España*

Tal e como apuntaban os datos previos, as editoras galegas son de media moito máis pequenas ca as españolas, tanto en persoal como en facturación. Dos 27 millóns de euros facturados en 2006, a metade provén da venda de libros de texto non universitarios, e outra cuarta parte da venda de libros infantís e xuvenís. A literatura para adultos só representou o 13,8% da facturación total⁴⁰.

³⁹] En 2007 xa eran 43 empresas galegas agremiadas na FGEE, para un total de 800. Fonte: FGEE, *Comercio Interior del Libro en España*.

⁴⁰] FGEE, *Comercio Interior del Libro en España*.

Artes escénicas e musicais

Comezamos este apartado cunha táboa de contraste entre os espazos escénicos estables teatrais de Galicia e España (2008):

Táboa 30
Indicadores dos espazos escénicos teatrais

	Galicia	España
Total espazos	85	1.506
% de titularidade pública	85,9	74,7
Capacidade media (butacas) ⁴¹	389	457

Elaboración propia. Fonte: MC. INAEM (2008), Explotación Estadística de las Bases de Datos de Recursos de las Artes Escénicas.

Repetimos a operación coas salas de concertos (2008)⁴²:

Táboa 31
Indicadores das salas de concertos

	Galicia	España
Total salas	25	469
% de titularidade pública	84,0	69,9

Elaboración propia. Fonte: MC. INAEM (2008), Explotación Estadística de las Bases de Datos de Recursos de Música y Danza

Temos por tanto un 5,3% das salas de concertos de España e un 5,6% dos espazos escénicos estables teatrais, o que segundo a regra lineal do 5% indicada na introdución deste artigo sería unha dotación aceptable. No caso dos espazos teatrais galegos, a súa capacidade media é máis reducida que a dos españois, consecuencia lóxica da nosa dispersión poboacional (máis contedores e máis pequenos).

A pauta diferencial entre Galicia e España é o distinto peso na titularidade pública dos equipamentos escénicos (máis en Galicia), o que terá consecuencias no modelo de xestión deles en termos dunha maior gratuidade na asistencia a espectáculos, como veremos máis adiante.

A evolución recente do número de espazos teatrais e de salas de concertos en Galicia tamén é altamente significativa. Entre 2004 e 2008 incrementáronse os espazos teatrais galegos nun 63% (fronte a un leve retroceso en España), e nun 108% as salas de concertos (fronte a un medre en España do 40%). Ou sexa, que no último lustro as administracións públicas centráronse na implantación de novos equipamentos culturais en Galicia, o que cadra perfectamente coa distribución do gasto liquidado en cultura pola Xunta de Galicia (predominio dos gastos de capital sobre os gastos correntes).

A pregunta sería se eses novos equipamentos responden a un proxecto cultural ben definido, e se a administración pública está a suplir as carencias do sector privado ou a presentarlle unha competencia desleal que obstaculiza o seu agromar. Pero tales cuestións exceden o obxecto deste artigo.

Continuamos pois cos datos das funcións de teatro representadas en Galicia durante o ano 2005:

⁴¹ | Cálculo propio en base a asignar valores medios nos intervalos definidos polas fontes

⁴² | Neste caso as fontes non informan da capacidade.

Táboa 32

Principais indicadores das funcións de teatro

	Galicia	España	%
Representacións	2.266	58.112	3,9
Espectadores	445.000	13.425.000	3,3
Recadación (en miles de €)	2.232	160.844	1,4
Espectadores / representación	196	231	—
Gasto medio por espectador (en €)	5	12	—

Elaboración propia. Fonte: SGAE, *Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales*.

Como se pode apreciar na columna de porcentaxes, nesa anualidade houbo unha escasa actividade teatral en Galicia, con menos representacións que a media de España, aínda menos espectadores por representación e unha minúscula recadación por función. Como xa mencionamos anteriormente, a gratuidade e/ou as tarifas reducidas son ferramentas de captación de públicos empregadas masivamente polos xestores públicos dos espazos escénicos en Galicia.

Proseguimos coas representacións de danza (ano 2005):

Táboa 33

Principais indicadores das representacións de danza

	Galicia	España	%
Representacións	135	4.363	3,1
Espectadores	52.000	1.542.000	3,4
Recadación (en miles de €)	596	18.553	3,2
Espectadores / representación	384	353	--
Gasto medio por espectador (en €)	11,5	12	--

Elaboración propia. Fonte: SGAE, *Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales*.

A danza é un espectáculo moi minoritario en Galicia (compárense o número de funcións coas do teatro) e non obstante semella ter un público fidelizado e militante: duplica o teatro en afluencia ás funcións e no gasto por espectador.

En canto aos concertos de música clásica (2005):

Táboa 34

Principais indicadores dos concertos de música clásica

	Galicia	España	%
Concertos	1.709	17.914	9,5
Espectadores	433.000	5.462.000	7,9
Recadación (en miles de €)	879	44.685	2,0
Espectadores / representación	253	305	--
Gasto medio por espectador (en €)	2,0	8,2	--

Elaboración propia. Fonte: SGAE, *Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales*.

Neste caso invértese a proporción na comparativa con España: os galegos temos unha afección á música clásica moi acusada, cunha asistencia xeral de espectadores superior á media española. O que sumado á elevada afección a tocar instrumentos e á notable matrícula en escolas musicais nos leva a concluir que a música é o vehículo de expresión artística máis popular en Galicia, ou polo menos onde presentamos unhas

cifras máis altas na comparativa con España. Iso si, desde o feito diferencial da gratuidade e/ou os baixos prezos por entrada.

E no que respecta aos concertos de música popular (2005):

Táboa 35
Principais indicadores dos concertos de música popular

	Galicia	España	%
Concertos	4.572	126.778	3,6
Espectadores	1.280.000	23.458.000	5,5
Recadación (en miles de €)	3.303	126.659	2,6
Espectadores / representación	280	185	—
Gasto medio por espectador (en €)	2,6	5,4	—

Elaboración propia. Fonte: SGAE, *Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales*

A música popular ten unha incidencia superior en Galicia á suma do teatro, danza e música clásica, tanto en número de eventos como en espectadores. Respecto de España temos escasos concertos pero cunha afluencia moi aceptable, polo que o noso ratio de espectadores por concerto é netamente superior. E de novo volvemos a diferenciarnos no grao de subvención ao consumo.

Por último faremos unha breve mención ás unidades de creación. Neste tema a información desagregada para Galicia é mínima, polo que só podemos achegar datos de compañías de teatro e agrupacións musicais de corte clásico. En 2008 había en Galicia 249 compañías de teatro, un 6,9% das 3.626 existentes en España, e medrando desde 2004 a un ritmo superior que o da media española. E entre as formacións musicais, Galicia destaca en agrupacións de cámara (70, un 11,8% do total español) e en coros (250, un 8,6%).

Audiovisual

Neste apartado centrarémonos exclusivamente na situación actual do cine en Galicia. Outros subsectores do audiovisual, como o vídeo ou a televisión, ou ben non ofrecen información fiable ou ben son obxecto de análise noutras seccións deste Informe.

Os principais indicadores do cine en Galicia fican recollidos na seguinte táboa (2008):

Táboa 36
Principais indicadores do cine

	Galicia	España	%
Cines	40	868	4,6
Salas de exhibición	170	4.140	4,1
Espectadores	3.900.000	107.800.000	3,6
Recadación (en miles de €)	22.000	619.300	3,6
Gasto medio anual por habitante (en €)	8,1	13,7	—

Elaboración propia. Fonte: MC. ICAA (2008), *Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento*.

En xeral Galicia presenta unhas cifras baixas, con porcentaxes de espectadores e recadación inferiores ao peso dos recintos de exhibición, do que se deduce unha menor rendibilidade dos cines e salas que en España. A asistencia media dos galegos ao cine en 2008 foi de 1,4 veces, por 2,4 no caso de España⁴³.

Observamos agora a evolución do número de cines e da afluencia de espectadores:

43 | MC. ICAA (2008), *Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento*.

Táboa 37

Evolución do número de cines e da afluencia de espectadores

	2003	2004	2005	2006	2007
Cines en Galicia	56	55	55	50	43
Cines en España	1.194	1.126	1.052	936	907
% Gal / Esp	4,7	4,9	5,2	5,3	4,7
Espectadores en Galicia	5.576.827	5.884.912	5.071.173	4.577.528	4.109.731
Espectadores en España	137.472.001	143.932.000	127.651.225	121.654.481	116.736.925
% Gal / Esp	4,1	4,1	4,0	3,8	3,5

Elaboración propia. Fontes: CCG, Anuario Estadístico de Galicia 2007 (a partir de datos do Observatorio Audiovisual Galego, Secretaría Xeral de Comunicación, Xunta de Galicia); MC. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento.

A tendencia é claramente descendente tanto en Galicia como en España, aínda que máis acentuada en Galicia no que atinxe ao número de espectadores, onde perdemos peso relativo no conxunto do Estado. Nesta serie temporal, o número de espectadores comeza a diminuír en 2004 e o peche de cines acelérase en 2005 (lóxica consecuencia do anterior). Entre 2004 e 2007 desaparecen o 22% dos cines galegos e redúcese nun 30% o número de espectadores.

A distribución territorial dos cines galegos non é homoxénea. Vémolo na seguinte división por provincias (2007):

Táboa 38

Distribución provincial dos cines en Galicia

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Pantallas	84	29	16	76
Butacas	12.342	4.608	2.229	11.041
Habitantes por pantalla	13.413	12.332	21.222	12.346

Fonte: Observatorio Audiovisual Galego, Secretaría Xeral de Comunicación, Xunta de Galicia

A Coruña e Pontevedra concentran a meirande parte das pantallas de Galicia. No outro extremo destaca Ourense, cunha dotación de pantallas por habitantes moi inferior ás restantes provincias.

No que respecta ás empresas galegas e españolas que operan no sector audiovisual dispoñemos dos seguintes datos⁴⁴:

Táboa 39

Empresas e produción do sector audiovisual

	Galicia	España	%
Produtoras	15	217	6,9
Distribuidoras	3	209	1,4
Longametraxes (co) producidas	17	150	11,3
Curtametraxes (co) producidas	34	209	16,2

Elaboración propia. Fontes: MC. ICAA (2006, 2008), Estadística de la Cinematografía: Producción, Distribución, Exhibición y Fomento; CCG, Anuario Estadístico de Galicia 2007, elaboración de datos extraídos do Observatorio Audiovisual Galego (2006), Secretaría Xeral de Comunicación, Xunta de Galicia

⁴⁴ Datos de 2006, salvo o de produtoras galegas e españolas (2008).

A porcentaxe de empresas produtoras e distribuidoras ten un interese relativo, posto que non coñecemos a súa dimensión (persoal, facturación, etc..), pero o número de longametraxes e curtametraxes coproducidas por empresas galegas fálanos dun importante dinamismo do sector, excedendo con moito o limiar do 5% que establecemos como tópico para Galicia.

E xa para finalizar só hai que indicar que en Galicia (2006) a cota de pantalla do cine español era dun 13% fronte ao 87% do cine estranxeiro.

Conclusións

Antes de entrar nas principais conclusións deste artigo, cómpre salientar (e lamentar) a carencia de datos homologados para as artes plásticas. Un subsector que segundo o Ministerio de Cultura⁴⁵ achegou 3.021 millóns de euros ao PIB español en 2007 debera merecer outra consideración por parte das estatísticas oficiais.

A cultura mobiliza en España un 3% do PIB⁴⁶, e arredor dun 2% en Galicia⁴⁷. En ambos os casos trátase dun sector de actividade económica moi relevante, en ascenso nos últimos anos (emprego, empresas) e cunha razoable expectativa de proxección futura. O menor tamaño relativo da cultura en Galicia, visto en positivo, indícanos que dispón dun importante percorrido de medre ate equipararse coas medias españolas.

Tanto en Galicia como en España, o emprego xerado no ámbito da cultura adoita ser ocupado por asalariados cun alto nivel formativo. Non obstante no caso galego ese emprego presenta o lastre dunha elevada taxa de temporalidade. Ademais, as empresas culturais galegas xeran de media menos emprego que as españolas. Ao noso xuízo ambas as doenzas son sintomáticas de certas eivas no mercado cultural galego, entre as que destaca o papel dominante do sector público. Un mercado de tamaño reducido e sometido ás oscilacións da contratación pública xera inseguridade nas empresas, o que por vez ten o efecto de atenuar as expectativas futuras de ingresos e por tanto a contratación indefinida de profesionais. Non descartamos que as flutuacións na contratación directa por parte das administracións, en función de campañas culturais estacionais (por exemplo, o Xacobeo), teñan un impacto relevante na temporalidade do emprego, pero a falta de datos impídenos corroborar esta afirmación.

Esta impresión xeral sobre o peso determinante do sector público no mercado cultural galego require dalgunha matización. Obviamente non é o mesmo que arredor do 85% dos espazos escénicos e das salas de concerto sexan de titularidade pública de que cifremos nun 13,7% a edición pública de libros⁴⁸ (aínda así unha porcentaxe elevada respecto de España). Explícome. Nuns subsectores culturais a dependencia da administración pública é absoluta, ou visto á inversa, a administración ostenta unha posición de monopolio, mentres que noutros é un axente máis, con maior ou menor incidencia na cadea de valor. Ao mesmo tempo, Galicia e España forman parte dun modelo cultural europeo no que, fronte ao anglosaxón, o papel do Estado é crucial. Aínda así, é ben diferente que o sector público dedique os seus recursos a apoiar a creación local a que fagocite a escena cultural ocupando os espazos naturais dos axentes privados e sociais.

Con todo, e na comparativa con España, semella que o sector público galego ten unha maior capacidade de condicionar o funcionamento do mercado cultural autóctono. Utilizando datos do artigo poderase alegar que en Galicia hai unha maior porcentaxe de bibliotecas ou museos privados que en España, e é certo, pero máis que empresas que procuren unha rendibilidade son equipamentos seculares en mans da igrexa ou mecenas particulares, constituídos noutras épocas con fins filantrópicos. Mostra disto é a presenza abafante da gratuidade no acceso a museos e coleccións museográficas, tendencia que se reforza nos últimos anos.

Cumpriría pois analizar o comportamento do gasto liquidado en cultura polas distintas administracións públicas galegas. En primeiro lugar constatamos que o gasto das administracións locais (concellos e deputacións) é moi inferior ao das súas homólogas españolas. Non é esta unha cuestión menor, por canto as entidades locais son as que máis gastan en cultura en España (preto dun 55%), a gran distancia das administracións

45 | MC (2007), *Cuenta Satélite de la Cultura*.

46 | MC(2007), *Cuenta Satélite de la Cultura*.

47 | Probablemente algo superior, ao tratarse dunha estimación para 2003. Lembramos que esta porcentaxe extraémola do informe do Consello da Cultura Galega (2010): "O sistema produtivo da cultura en Galicia. Unha visión económica".

48 | Ambos os datos funcionan a modo indicativo e en absoluto pretenden representar o peso relativo do sector público nos mercados editorial e das artes escénicas. De todos os modos, unha aproximación cualitativa ao campo permítenos comprobar cantas funcións de teatro se realizan "a risco empresarial" (sen subvencións directas e fóra dos circuitos públicos de exhibición) e cantos libros se venden directamente a particulares, descontando a clientela cativa (libros de texto non universitario ou compras públicas). A intuición indícanos que a dependencia respecto do sector público é diferente en ambos os mercados. Aínda así, son consciente de que unha afirmación deste calibre precisaría dunha análise monográfica.

autonómicas e da xeral do Estado (por esta orde). En segundo lugar, a Xunta de Galicia veu diminuindo a súa porcentaxe de gasto cultural sobre o total do gasto liquidado entre os anos 2004 e 2007, nunha tendencia contraria á das restantes administracións públicas de España. En terceiro lugar, desde polo menos 2003 a Xunta de Galicia vén priorizando os gastos de capital (sempre por riba do 70%) sobre os correntes, o que significa que centrou o seu esforzo na dotación de novos contedores culturais sobre a programación de actividades, o respaldo á iniciativa social e privada ou a contratación de equipos técnicos cualificados. Segundo o noso criterio, habería que camiñar cara a un maior equilibrio na distribución do gasto se se quere insuflar vida a eses recintos, en demasiadas ocasións sen actividade nin persoal que os dinamice. O que por fin debera conducir a un ordenamento e xerarquización territorial da oferta cultural pública. En cuarto lugar, e xa referido ao conxunto das administracións galegas, o recurso abusivo á fórmula da gratuidade para captar públicos, amén dun xeito de competencia desleal cos operadores privados ten un fondo efecto deseducador, por canto desvaloriza o produto cultural. E quinto e último punto, apreciamos certos baleiros en Galicia en canto ao inventariado e posta en valor do noso patrimonio, e máis ao concreto no que se refire á habilitación de museos de arqueoloxía e da historia natural ou á inscrición como Bens de Interese Cultural dos parques arqueolóxicos ou dos bens mobles. O que demandaría dunha decidida intervención pública ao respecto.

Xa entrando na dimensión social da cultura, ao longo do artigo puidemos comprobar como a grandes riscos os consumos culturais, os hábitos culturais e as prácticas artísticas dos galegos e galegas son en xeral inferiores aos do conxunto dos cidadáns españois. Entre as excepcións que atopamos figura o gasto en “libros e publicacións periódicas”, os hábitos das visitas a bibliotecas e da asistencia a concertos (música clásica e popular), e as prácticas de tocar instrumentos musicais e de exercitar “outras artes plásticas”, onde presentamos algúns datos levemente superiores á media española. No extremo contrario, os diferenciais máis negativos con España sitúanse na asistencia a espectáculos de artes escénicas e na práctica delas.

Unha singularidade para destacar é a grande afluencia a concertos de orquestras en verbenas, o hábito cultural máis frecuente entre os galegos con independencia da súa idade, nivel formativo e de rendas. E como exemplo de boas prácticas na atracción e fidelización de públicos merece mención á parte o sistema de bibliotecas da bisbarra da Coruña, cuns datos de usuarios inscritos e préstamos de libros a enorme distancia das outras comarcas galegas.

En xeral os hábitos culturais dos galegos están a decrecer desde polo menos 2002/03, sexa nos índices de lecturas, nas visitas a bibliotecas ou na asistencia ao cine e ao teatro, o que debuxa un escenario preocupante. Esa mesma tendencia detéctase en España, coa excepción do hábito de lectura, que medra con moderación.

Quizás un dos motivos latentes deste decaemento sexa o cambio no acceso aos produtos da cultura coa proliferación no uso de novas tecnoloxías. A utilización do ordenador medrou 12 puntos entre 2004 e 2008, tanto en Galicia como en España, e o acceso a internet 15 puntos no mesmo período. Aínda que en ambos os casos Galicia mantense a 9 puntos de España. Ademais, aínda que resulte paradoxal, o gasto cultural por persoa incrementouse sen interrupción desde 2003, tanto en termos absolutos como relativos (respecto do total da cesta da compra). E é que o maior aumento nese gasto cultural proveu da adquisición de equipos e accesorios audiovisuais de tratamento da información e internet.

Outro síntoma dun cambio recente no perfil do consumo cultural dos galegos é a espectacular medranza no número de viaxes realizadas por motivos culturais e, aínda en maior medida, no gasto desembolsado durante estas. A combinación entre turismo e cultura está a callar a gran velocidade na sociedade galega, de tal xeito que xa supera a media española na motivación cultural das viaxes por ocio, recreo ou vacacións. Onde presentamos unha aberta fenda con España é na nosa escasa capacidade de atracción do turismo estranxeiro que realiza actividades culturais. Semella que cumpriría reforzar a oferta turística galega con estratexias sustentadas na cultura.

Un dos principais indicadores para medir o dinamismo e a sustentabilidade cultural dunha sociedade é o estado do seu ensino cultural. Pois ben, o número de matrículas viuse incrementando nos últimos anos, non tanto no ensino regrado, que permanece constante, como no ensino non regrado de música e danza. As ensinanzas artísticas de réxime especial (música, danza, arte dramática e artes plásticas e deseño) teñen en Galicia unha presenza máis acusada que no resto de España, tanto no número de centros como no volume de alumnado e profesorado. E isto é debido fundamentalmente á achega do ensino musical, que duplica o noso peso en poboación. Do que podemos deducir, combinado con algunha referencia anterior, que a música é a expresión cultural máis extensa entre os galegos, a certa distancia de España. Ou dito dun xeito máis poético, que presentamos como colectividade unha acusada melomanía.

A importancia do ensino musical en Galicia é un signo alentador do peso da nosa canteira. Non obstante, cómpre advertir que se iso non vai acompañado de medidas que articulen o sector (bolsas e espazos de interacción creativa, apoio público ás producións, plataformas de comercialización, etc..) o valor engadido pode fuxir lonxe de Galicia e por tanto acabar por formar talentos locais para a emigración.

E xa para finalizar, como unha curiosidade que resaltar, a lingua galega é a terceira en inscrición de libros no ISBN en España, e a primeira das periféricas (en termos porcentuais), por diante do catalán e o euskera, no uso de soportes de edición distintos do papel.

Do anteriormente exposto podemos deducir que, en termos xerais, o sector cultural galego adoece dunha tripla eiva: 1) os consumos, hábitos e prácticas culturais da poboación son baixos; 2) o mercado cultural ten un tamaño reducido e presenta síntomas de inestabilidade; 3) as administracións públicas locais e autonómica gastan pouco en cultura, basicamente na dotación de novos equipamentos e cun escaso criterio técnico na planificación das políticas.

A primeira das eivas xa informa (e alerta) do fracaso das políticas culturais executadas até o momento⁴⁹. O albo último de calquera política cultural deberan ser as persoas, e máis ao concreto a consecución dunha cidadanía culturalmente activa, inquieta e creativa. Pero ademais é este o caldo de cultivo necesario para o afloramento de novos valores artísticos e de novos públicos ávidos e esixentes, é dicir, para soste un futuro mercado cultural sobre cimentos sólidos, que lles dea oportunidades aos artistas, que cree emprego, que xere produtos rendibles e exportables, e que contribúa a prestixiar a marca Galicia.

Se queremos camiñar pois cara ao desenvolvemento cultural de Galicia, os principais axentes do sector, coas administracións públicas á fronte, deberan definir e impulsar liñas de apoio á creatividade: 1) en todos os eidos da vida social (a escala educativa, comunitaria, artística e empresarial) e en todos os elos do proceso creativo (formación, creación, produción, fabricación, promoción, distribución); 2) desde unhas prioridades acordadas entre todos os axentes e unhas estratexias a longo prazo non condicionadas polos ciclos electorais; 3) e fundamentadas en criterios técnicos solventes con indicadores de avaliación de resultados. Un proceso deste tipo, onde se introduza racionalidade, debe desembocar nunha articulación sectorial onde cada axente teña un papel claro que desempeñar, un ámbito de actuación e unhas responsabilidades definidas, evitando solapamentos. En definitiva, cómpre elaborar un plan estratéxico da cultura no que se sumen as enerxías dispersas presentes no territorio cara a un fin comunmente desexable.

A elaboración no pasado recente dun plan estratéxico das artes escénicas marca unha senda de boas prácticas que debera ter continuidade cara adiante. Do mesmo xeito que iniciativas exemplares como a extinta INTEREA (Deputación da Coruña – UdC - USC), pioneira na cooperación institucional e na formación de xestores da cultura, merecía unha sorte ben distinta á que se lle deparou. Precisamos superar a melancolía que emana da improvisación constante. Precisamos poñer en valor a nosa cultura⁵⁰.

49] Levantar auditorios e casas da cultura ou programar numerosos eventos non son fins en si propios senón ferramentas (entre moitas outras) en mans do xestor público para acadar obxectivos socioculturais de fondo.

50] En datas recentes o presidente portugués Cavaco Silva propuña impulsar as industrias culturais e creativas como unha das medidas centrais para superar a crise económica. Mentres, expertos lusos na materia indicaban que “esta é unha oportunidade que o país non pode perder”. En Galicia ese debate simplemente non existe.